



## DECRETO

### **ASUNTO: BASES PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE CAMPAMENTOS DE VERAN 2023 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA NO CONCELLO DAS NEVES. XULLO, AGOSTO DO 2023.**

Dentro das actividades programadas polos Servizos Sociais Comunitarios do concello de As Neves para o 2023 atópase a realización da actividade campamentos de verán 2023 dentro do programa AS NEVES CONCILIA para as cativas e os cativos do noso Concello.

No marco da política de igualdade de xénero e conciliación da vida laboral e familiar é unha necesidade organizar actividades desta natureza que faciliten a incorporación da muller ao mundo laboral e ao mesmo tempo asegurar que no verán os nenos e nenas ocupen o seu tempo libre de xeito proveitoso. Por outra banda, o Concello ten a responsabilidade de promover o coñecemento e coidado dun entorno natural do que podemos estar tan orgullosas e orgullosos.

Por isto propónse un recurso educativo que permite aos nenos e nenas, a través de actividades lúdicas, coñecer máis o seu entorno natural e o seu coidado. Ao mesmo tempo, educarase cara un consumo responsable mediante o xogo, o pensamento e as actitudes nun proceso de ensinanza-aprendizaxe sempre baixo o lema “Coñece para valorar e valora para sustentar”. Asemade, permite aos nenos e nenas a posibilidade de realizar actividades de tempo libre no seu concello e compatibilizar os horarios familiares, máis complexos nas vacacións escolares dos/as máis pequenos/as.

Para iso este Concello solicitou unha subvención para a realización do programa “**AS NEVES CONCILIA**” durante o ano 2023, **ó abeiro da Resolución do 20 de abril de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023** (regulado polas Bases publicadas no DOG nº 87 de data 8 de maio de 2023).

O obxecto da presente resolución é proceder a ofertar o citado programa e establecer os criterios para a súa selección.





Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización da Intervención, DISPOÑO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a convocatoria da actividade Campamentos de Verán 2023 dentro do programa “**AS NEVES CONCILIA**” durante o ano 2023.

**SEGUNDO.-** Aprobar condicións de participación e as bases de selección dos e das participantes na actividade Campamentos de Verán 2023 dentro do programa “**AS NEVES CONCILIA**” durante o ano 2023:

**TERCEIRO.-** Aprobar o Anexo I no que se recolle o modelo oficial de solicitude de participación na actividade Campamentos de Verán 2023 dentro do programa **AS NEVES CONCILIA, DO CONCELLO DAS NEVES 2023.**

**CUARTO.-** Ordenar a publicación da convocatoria no taboleiro de Editos Municipais da Sede Electrónica e na páxina web do Concello de As Neves .

Mando e asino, en As Neves, na data que figura na marxe.

O ALCALDE-PRESIDENTE  
Asdo. Xosé Manuel Rodríguez Méndez

O SECRETARIO  
Asdo. Santiago Follente Barral

(Documento asinado electronicamente)





## **BASES: “CAMPAMENTOS DE VERÁN 2023” DENTRO DO PROGRAMA “AS NEVES CONCILIA “**

### **1. PRESENTACIÓN**

A actividade ten unha importante función educativa e de socialización, pretendendo, por medio de actividades lúdicas, crear un espazo recreativo que impulse o desenvolvemento de competencias académicas e de habilidades sociais da nena ou neno, a través do xogo, os deportes, as artes e a relación coa natureza e o entorno cultural.

Favorecen a participación social do grupo a través de actividades lúdicas e educativas, facilitando o fortalecemento das relacións interpersoais e a construción de metas grupais e colectivas que promovan o desenvolvemento humano.

Establécense as bases de funcionamento, dende o punto de vista do seu carácter de servizo sociocomunitario, establecendo unha oferta de sensibilización na igualdade de xénero, educativa e lúdica para as nenas e nenos do municipio.

Ademais, busca achegar, de xeito divertido, ás cativas e cativos os recursos patrimoniais, paisaxísticos, culturais e de lecer da contorna, potenciando o seu coñecemento e posta en valor.

### **2. FINALIDADE E CARACTERÍSTICAS DA ACTIVIDADE**

CAMPAMENTOS DE VERÁN 2023 dentro do programa AS NEVES CONCILIA ten como finalidade proporcionar ás familias do municipio de As Neves un recurso que facilite a conciliación da vida laboral, persoal e familiar. Búscase ocupar o tempo libre das crianzas en idade escolar de forma organizada e planificada a través de actividades de calidade que potencien a corresponsabilidade en todas as esferas da vida.





No deseño e execución de todas as accións tense en conta a perspectiva de xénero e a integración de tarefas que estimulen a autonomía e capacidade crítica das e dos participantes.

Ademais, trátase de implicar ás familias no desenvolvemento da programación a través das consultas básicas sobre as actividades e rutinas.

### **3. OBXECTIVOS**

#### **OBXECTIVO XERAL**

- Facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar promovendo a igualdade de xénero por medio dunha alternativa educativa que ocupe o tempo libre das nenas e nenos nas vacacións de verán.

#### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Establecer os criterios básicos a seguir na selección dos e das participantes no programa CAMPAMENTOS DE VERAN 2023 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA do concello de As Neves 2023.
- Traballar dende a perspectiva de xénero aspectos básicos en torno á igualdade de oportunidades como eixo central do concepto de cidadanía e xustiza social.
- Desenvolver actitudes favorecedoras ante o traballo en equipo, potenciando valores igualitarios e cooperativos dende o principio de bo trato e da resolución dialogada de conflitos.
- Promover a corresponsabilidade entre as nenas e os nenos.
- Traballar hábitos de vida saudables.
- Fomentar a creatividade, estimular e promover as capacidades de cada nena e neno.
- Desenvolver o espírito solidario e promover relacións sociais positivas.





#### 4. PERSOAS DESTINATARIAS

Nenas e nenos de 3 a 12 anos cumpridos na data de presentación da solicitude.

Terán prioridade as persoas empadroadas no Concello de As Neves.

Necesítase un mínimo de 10 crianzas en cada quenda para levar a cabo a actividade Campamentos de Verán dentro do programa AS NEVES CONCILIA. O número máximo de participantes por quenda será de 50 nenos/as.

Será requisito que os ingresos da unidade familiar non superen 6,5 veces o Indicador Público da Renda de Efectos Múltiples no exercicio 2022 (IPREM), límite que se incrementa nun 15% máis cando se trate de familias monoparentais ou de familias numerosas (debendo acreditarse mediante presentación dos correspondentes certificados ou títulos). Este requisito debe estar vixente na data de presentación da solicitude.

Terán prioridade, pola seguinte orde:

1. Familias monoparentais ou numerosas.
2. Vítimas de violencia de xénero e doutras violencias contra a muller.
3. Mulleres en situación de desemprego de longa duración.
4. Mulleres maiores de 45 anos.
5. Unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados.
6. Persoas empadroadas no Concello de As Neves.
7. Persoas que xustifiquen a necesidade por motivos laborais.
8. Familias con informe xustificativo dos Servizos Sociais de As Neves.





No caso de darse a mesma puntuación entre dúas solicitudes, a praza adxudicarase por rigoroso orden de inscrición.

## 5. LUGAR DE REALIZACIÓN

Realizarase en diversas instalacións municipais do Concello de As Neves. Faranse tres grupos ben diferenciados xeograficamente (**parroquias: Cerdeira, San Cibrán de Ribarteme e Liñares**).

## 6. PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

### 6.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección de participantes procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Editos Municipais da Sede Electrónica, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.

### 6.2.- INSCRICIÓN

**6.2.1.-DOCUMENTACIÓN.** As familias interesadas deberán presentar nos Servizos Sociais do concello, persoalmente, a través do correo electrónico [servizossociais@asneves.gal](mailto:servizossociais@asneves.gal) ou por medio da sede electrónica do concello, a solicitude de inscrición (Anexo I) cuberta xunto coa seguinte documentación:

- Ficha da/o menor participante (Anexo II)
- DNI do pai/nai/titor/a
- DNI da/o menor ou libro de familia
- Tarxeta Sanitaria da/o menor
- Xustificante dos ingresos da unidade familiar do ano 2022 (mediante presentación da declaración da renda e/ou declaración xurada).
- quen alegue necesidade por motivos laborais presentará a copia do contrato laboral das persoas que conforman a unidade familiar e o





certificado de empresa co horario de traballo ou declaración xurada do horario de traballo (Anexo III).

- Titulo de familia numerosa ou certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental, cando sexa de aplicación.
- Xustificante de ter realizado o abono do prezo público na conta do Concello de As Neves: ES45 2080 5434 0731 1010 0021.

As persoas que desexen máis información sobre CAMPAMENTOS DE VERAN 2023 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA e/ou a documentación a aportar poden poñerse en contacto co departamento dos Servizos Sociais do Concello nos teléfonos: 986 667 134, ou a través do enderezo electrónico [servizossociais@asneves.gal](mailto:servizossociais@asneves.gal).

**6.2.2.- PRAZO DE SOLICITUDE E RESERVA DE PRAZA: Do 1 ao 20 de xuño do 2023**, ámbolos dous días incluídos.

O prazo de presentación de solicitudes poderá ampliarse en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

**6.2.3.- CRITERIOS DE SELECCIÓN.** Darase prioridade no acceso a aquelas familias con menor renda, tendo como referencia o importe do IPREM para o ano 2022 (600€/mes).

Terase en conta, pola seguinte orde:

1. Familias monoparentais ou numerosas.
2. Víctimas de violencia de xénero e doutras violencias contra a muller.
3. Mulleres en situación de desemprego de longa duración.
4. Mulleres maiores de 45 anos.





5. Unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados.
6. Persoas empadroadas no Concello de As Neves.
7. Persoas que xustifiquen a necesidade por motivos laborais.
8. Familias con informe xustificativo dos Servizos Sociais de As Neves.

No caso de darse a mesma puntuación entre dúas solicitudes, a praza adxudicarase por rigoroso orden de inscrición.

**6.2.4.- RESULTADO DA SELECCIÓN.** O día 27 de xuño de 2023 publicarase no Taboleiro de Editos Municipais da Sede Electrónica, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.







## 7. ACTIVIDADES

As actividades son a base do funcionamento de CAMPAMENTOS DE VERAN 2023 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA 2023. Están fundamentadas na metodoloxía da educación non formal, pondo en práctica unha rica gama de obradoiros, xogos cooperativos, artes plásticas e manualidades creativas, actividades deportivas, experiencias sensoriais con soportes visuais e audiovisuais, música e expresión corporal, actividades ao aire libre, dinámicas de grupo, excursións e unha infinidade de iniciativas variadas do tipo que detallamos a continuación:

- Obradoiros de manualidades, con diferentes materiais de desfeita (papel, plástico, cartón, envases de ovos, tetrabricks, de deterxentes, suavizantes, etc.).
- Obradoiro de actividades ao aire libre (xincanas, xogos de auga, rastrexo...).
- Obradoiro de xogos populares e tradicionais: xogos de pita, de corda, bolos, a ra, a chave, etc.
- Obradoiro de xogos pre-deportivos: xogos con balóns, xogos de precisión...
- Grandes xogos: procura de tesouros...
- Obradoiro de cociña, de ciencia divertida, de expresión corporal e mimo, de música, contacontos...
- Outros.

Traballarase a igualdade, as relacións, o coñecemento e integración de persoas procedentes de culturas diferentes, o respecto ao medio ambiente, o ensino-aprendizaxe de valores, habilidades, actitudes, coñecementos e outros principios e valores tales como:





- A solidariedade.
- A felicidade.
- A amizade.
- O amor.
- O valor da cooperación.
- O sentido da vida.
- O autocoñecemento e a autoestima.
- A natureza humana.
- A convivencia.
- O coidado da natureza.
- O respecto á contorna.

De forma específica o peso das actividades seguirá as seguintes porcentaxes: 35% relacionadas coa igualdade, 35% relacionadas coa educación en valores e 30% lúdicas para o desenvolvemento básico das e dos menores. Estas temáticas traballaranse tanto de forma conceptual como actitudinal e procedemental.

O deseño e execución adaptarase ás idades das e dos participantes e terá en consideración as distintas particularidades das nenas e dos nenos que presenten algún tipo de intolerancia e alerxia.

## **8. TÉCNICAS A EMPREGAR:**

Exploración, experimentación e descubrimento: A través destas técnicas desenvolverase o interese e a curiosidade pola aprendizaxe.

Dramatización: actividades a través das que poñer en acción roles aprendidos, simular as situacións a partir de esquemas imaxinarios construídos sobre a base do que observan, escoitan ou representan outros compañeiros/as.





Contacontos: a animación á lectura é fundamental nestas primeiras idades polo que se usarán os contos como vehículo de transmisión de historias e experiencias.

Animación e expresión musical. Aprendizaxe e posta en escea de coreografías.

Xogos: xogo libre, espontáneo, onde as nenas e as nenos deciden sobre como, con quen, que e canto tempo xogan a algo e xogos dirixidos en gran grupo (gran xogo) que consisten en desenvolver unha grande aventura simulada, superar unha serie de probas ou atopar pistas ocultas.

## **9. SAÍDAS AO ENTORNO MÁIS PRÓXIMO:**

Realizaranse varias saídas didácticas para coñecer a contorna máis próxima. Trátase de experiencias sensorias, lúdicas e educativas con elementos naturais ou outros recursos patrimoniais como protagonistas.

## **10. TEMPORALIZACIÓN: CALENDARIO E HORARIO**

O campamento de verán 2023 dentro do programa AS NEVES CONCILIA desenvolverase do **3 de xullo ao 1 de setembro de 2023, de luns a venres, agás os días 25 e 31 de xullo e 7 e 15 de agosto.**

Comprenderá un total de **41 días** lectivos, distribuídos en **9 semanas**.

O horario de apertura será de **9.00 a 14:00 horas**, podendo modificarse a hora de entrada (ás **08:00h**) en función das necesidades das familias, sempre que haxa un mínimo de nenas/os. Establecerase un control e rexistro de entrada e saída das e dos menores: unha monitora ou monitor será o encargado de recibilos e despedilos no punto designado do campamento, así como de tomar constancia da súa asistencia.

En canto á organización pedagóxica dos contidos, todos os días, ao inicio, realizarase unha asemblea de bos días, presentarase a xornada e realizarase a actividade de benvinda guiada polas monitoras e monitores. Nas primeiras horas





do día integraranse as actividades de comprensión e asimilación de contidos seguindo a temática a tratar na xornada. Nas horas centrais do día pasarase á practica e á expresión dinámica destes contidos e realizarase un momento de xogo libre para que as nenas e nenos se movan e exerciten corpo, músculos, pulmóns, corazón... e desenvolvan a súa coordinación psicomotriz. Como finalización e despedida realizaranse actividades relaxación.

## **11. METODOLOXÍA**

A metodoloxía será aberta, participativa e flexible integrando a perspectiva de xénero e atendendo aos intereses das e dos menores e as súas motivacións. Terá compoñentes lúdicos, divertidos, dinámicos e igualitarios, creando un ambiente seguro e afectivo, sen discriminacións, que fomenta, ao mesmo tempo, a cooperación.

Potenciarase en todo momento a autoaprendizaxe e o traballo en equipo tratando así de promover un clima de cooperación e colaboración entre todas as nenas e nenos do grupo, para favorecer unha maior interacción relacional e promover a socialización como valor imprescindible do crecemento persoal e, máis concretamente, educativo das e dos menores.

A pesar de realizar actividades en grupo a metodoloxía partirá do ritmo individual de cada unha das nenas e nenos en todas as actividades, dinámicas, xogos e técnicas empregadas. As actividades adaptaranse ás diferentes idades das e dos participantes, tendo en conta as súas inquiredanzas persoais, emocións, gustos....

Doutra banda, a creación de normas que regulen o comportamento das nenas e nenos é un alicerce básico para o óptimo desenvolvemento do campamento. Estableceranse unhas normas que proporcionen seguridade tanto as nenas e nenos como as monitoras e monitores. Elaboraranse en grupo, para que todas





e todos estean de acordo, e sexan conscientes de que non son normas impostas, senón necesarias para a harmonía do grupo.

Ditas normas quedarán situadas á vista de todas e todos e ademais serán repasadas en grupo cando as condicións e situacións o requiran.

No que se refire á organización do ambiente de aprendizaxe: en todo momento tratarase de crear un ambiente estimulante e ordenado, de forma que as nenas e os nenos se sintan seguros.

Terase en conta:

- As súas necesidades fisiolóxicas posto que as actividades terán lugar nos momentos adecuados sen interferir na alimentación, sono e limpeza.
- As súas necesidades afectivas, de seguridade, estabilidade, para favorecer un desenvolvemento integral.
- As súas necesidades de autonomía. As nenas e nenos terán acceso a todos os materiais evitando as barreiras que impidan un acceso non autónomo.

## 12. PERSOAL

- Equipo técnico dos Servizos Sociais do Concello de As Neves.
- Persoa coordinadora da empresa contratada.
- Equipo de monitoras e/ou monitores, un deles con funcións de coordinación.

O equipo de monitoras e monitores encargado do desenvolvemento do campamento establécese seguindo a ratio dunha persoa monitora por cada grupo de **10** menores.





O persoal encargado da execución do campamento posúe os requisitos de titulación e formación requiridos, debendo ter acreditado formación suficiente en materia de xénero e igualdade para contribuír, no desenvolvemento do seu labor, á ruptura de roles e estereotipos asignados en función do sexo, comprometéndose a cumprir o deber de segredo e confidencialidade sobre os datos ou información dos que teñan coñecemento durante a execución do contrato de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Así mesmo comprométense a participar nas reunións informativas que terán lugar con anterioridade ao inicio da actividade en cada un dos centros educativos, dirixida ás nais e pais das e dos menores, e ás reunións de seguimento que se propoñan, de considerarse necesarias durante o transcurso do mesmo.

### **13. RECURSOS MATERIAIS**

A empresa achegará os recursos materiais necesarios para a execución das actividades propostas. Contarase con: plastilina, globos, cartolinas, lapis, folios, rotuladores, ceras, pinturas, témperas, pegamentos, material deportivo, material de lectura, material audiovisual, material de xogos, material reciclado...

A persoa designada como responsable contará cun teléfono móbil que se lle facilitará aos responsables dos e das menores, para contactar co persoal do campamento, ante calquera imprevisto de urxencia que puidera xurdir.

Ademais contarase cun seguro de responsabilidade civil e de accidentes que cubra ás nenas e nenos participantes con vixencia durante toda a execución do campamento.





#### **14. PREZO PÚBLICO**

Establecese un prezo público para participar en CAMPAMENTOS DE VERAN 2023 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA, que ascende a 20,00 € por menor e quenda.

Aquelas familias que fagan uso de CAMPAMENTOS DE VERAN 2023 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA como medida de intervención, con informe técnico debidamente cumprimentado e xustificado dos Servizos Sociais do Concello de As Neves, terán unha bonificación do 100%.

Así mesmo, aquelas familias que o acrediten, mediante o título de familia numerosa ou o certificado de acreditación de familia monoparental, obterán unha bonificación do 50%, pasando a ter que aportar 10,00 € por menor e quenda.

#### **15. SISTEMA DE AVALIACIÓN**

O sistema de avaliación realizarase mediante o establecemento de indicadores ou medidores cualificables do grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos.

A avaliación será un proceso continuo co obxectivo de obter información constante sobre o desenvolvemento do principio de igualdade e actuar sobre aqueles obstáculos que impidan a execución eficaz das actividades. As achegas e recomendacións da técnica municipal de supervisión do campamento, das nais, pais, nenas e nenos participantes, recadaranse e empregaranse de forma periódica para a avaliación continua.

Ao remate do campamento, ás nais e pais das e dos menores proporcionaráselles unha enquisa anónima para coñecer, en que grao se alcanzaron os obxectivos perseguidos, como resultou o funcionamento da



Praza da Cristiandade, 1  
36440 – AS NEVES  
+34 986 648 038  
[www.asneves.gal](http://www.asneves.gal)



Concello  
**As Neves**

actividade, que obstáculos atoparon no seu desenvolvemento e que propostas de mellora propoñen para a planificación do próximo ano.

O ALCALDE-PRESIDENTE

XOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ

(documento asinado dixitalmente na marxe)







**ANEXO I – SOLICITUDE DE PRAZA EN CAMPAMENTOS DE VERAN  
2023 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA**

**Datos da persoa solicitante:**

NOME E APELIDOS	
NIF	
DATA NACEMENTO	
ESTADO CIVIL	
SEXO	

Nº MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	
Nº MEMBROS CON DISCAPACIDADE	
FAMILIA MONOPARENTAL? SI/NON	
FAMILIA NUMEROSA? SI/NON	
TEN PROBLEMA DE CONCILIACIÓN? SI/NON	

DIRECCIÓN	
PARROQUIA	
CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	
TELÉFONO/S	
CORREO @:	

**Datos da persoa menor participante:**

NOME E APELIDOS	
DNI / NIF / NIE	
DATA NACEMENTO	
PARENTESCO	
IDADE	
NECESIDADES ESPECIAIS	





**Quenda solicitada:**

Márquese a orde de preferencia no caso de escoller as dúas quendas, o que non significa que lle sexan adxudicadas as dúas.

**Do 3 ao 31 de xullo**

**Do 1 ao 31 de agosto**

Eu, a/o solicitante, DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos e comprobables todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude, así como os seguintes:

\* Que autorizo expresamente ao Concello de As Neves, para recadar calquera tipo de información que poida obrar no seu poder ou solicitalo a outras administracións.

\* Que acepta todos os requisitos establecidos na presente convocatoria.

Marque cun X no caso de dar o seu consentimento:

Consinte na captación da súa imaxe ou do seu representado (no caso de ser menor de 14 anos), con destino exclusivo a ilustrar a memoria e/ou resumo da propia actividade.

As Neves, a \_\_\_\_\_ de xuño de 2023

Asdo:

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección da datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os/as solicitantes autorizan ao Concello de As Neves para o tratamento dos datos persoais incluídos no presente documento, que serán incorporados o “Registro de Actividades Deportivas, Culturais e Xuventude” do Concello para os fins propios da solicitude.

Pode revocar o presente consentimento ou exercer os seus dereitos de acceso, rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, oporse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, por medio de <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1>, tamén por [concello@asneves.gal](mailto:concello@asneves.gal) ou mediante un escrito dirixido ao Concello de As Neves (Praza da Cristiandade, nº1, 36440, As Neves), tamén a presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>.

Mentres non comunique o contrario, enténdese que os datos que aparecen no presente formulario non foron modificados e que se compromete a notificarlle ao Concello de As Neves calquera variación.





## ANEXO II – FICHA DO MENOR PARTICIPANTE EN CAMPAMENTOS DE VERAN 2023 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA

### Datos da persoa menor participante:

NOME E APELIDOS	
DNI / NIF / NIE	
DATA NACEMENTO	
IDADE	
NECESIDADES ESPECIAIS	

\* Padeceu ou padece algunha enfermidade ou discapacidade importante?

***En caso afirmativo, indicar:***

\* Ten algún tipo de alerxia e/ou intolerancia?

***En caso afirmativo, indicar:***

\* Atópase actualmente en tratamento?

***En caso afirmativo, indicar:***

\*Algún outro dato de saúde que considere oportuno reseñar?

***Indicar:***

### Contactos en caso de urxencia, avisar a:

NOME E APELIDOS	
TELÉFONO	

NOME E APELIDOS	
TELÉFONO	

NOME E APELIDOS	
TELÉFONO	





**Persoas autorizadas na recollida:**

<b>NOME E APELIDOS</b>	
<b>TELÉFONO</b>	
<b>DNI / NIE /NIF</b>	

<b>NOME E APELIDOS</b>	
<b>TELÉFONO</b>	
<b>DNI / NIE /NIF</b>	

<b>NOME E APELIDOS</b>	
<b>TELÉFONO</b>	
<b>DNI / NIE /NIF</b>	

Autoriza a súa filla ou fillo obxecto da presente inscrición a asistir as actividades de referencia de acordo coas condicións que se establecen na convocatoria.

Marque cun X no caso de dar o seu consentimento:

Consinte na captación da súa imaxe ou do seu representado (no caso de ser menor de 14 anos), con destino exclusivo a ilustrar a memoria e/ou resumo da propia actividade.

As Neves, a \_\_\_\_\_ de xuño de 2023

Asdo.

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección da datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os/as solicitantes autorizan ao Concello de As Neves para o tratamento dos datos persoais incluídos no presente documento, que serán incorporados o “Registro de Actividades Deportivas, Culturais e Xuventude” do Concello para os fins propios da solicitude.

Pode revocar o presente consentimento ou exercer os seus dereitos de acceso, rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, oporse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, por medio de <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1>, tamén por [concello@asneves.gal](mailto:concello@asneves.gal) ou mediante un escrito dirixido ao Concello de As Neves (Praza da Cristiandade, nº1, 36440, As Neves), tamén a presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>.

Mentres non comunique o contrario, enténdese que os datos que aparecen no presente formulario non foron modificados e que se compromete a notificarlle ao Concello de As Neves calquera variación.





### ANEXO III - DECLARACIÓN XURADA

DON/A \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_, domicilio en \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ e teléfono de contacto:  
\_\_\_\_\_, en calidade de nai/ pai das/os seguintes menores:

- 1º \_\_\_\_\_  
2º \_\_\_\_\_  
3º \_\_\_\_\_  
4º \_\_\_\_\_

#### DECLARO,

Que estou contratada/o pola empresa \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ e a miña xornada de traballo é a seguinte:

DE MAÑÁ:

DE TARDE:

E para que conste por escrito aos efectos de solicitar praza na actividade  
CAMPAMENTOS DE VERAN 2023 dentro do Programa AS NEVES CONCILIA do  
Concello de As Neves, asino o presente,

En As Neves, a \_\_\_\_\_ de xuño de 2023.

Asdo. \_\_\_\_\_

